

PULEO, Alicia H.: *Ecofeminismo. Para otro mundo posible*, Cátedra, Madrid, 2011, 439p.

“Libertad, igualdad y sostenibilidad puede ser un buen lema para guiarnos en el incierto siglo que vivimos” (p. 437).

Alicia Puleo, ofrece neste libro unha conexión entre feminismo e ecoloxismo político coa intención de ofrecer argumentos ecolóxicos imprescindibles, sempre afastados de calquera esencialismo polarizador dos sexos, ao primeiro; e, claves feministas incluíbeis ao segundo, para así construír un outro mundo posíbel. Ao longo de 439 páxinas a autora recolle as relacións entre ámbalas dúas correntes utilizando unha linguaxe sinxela para explicar circunstancias complexas.

O diálogo entre feminismo e ecoloxismo, é dicir, o ecofeminismo, é necesario nun mundo que cada vez é máis consciente da mudanza climática; onde as catástrofes, mal chamadas “naturais”, aumentan en frecuencia e gravidade; onde se multiplican os accidentes relacionados coas condicións altamente perigosas e destrutivas das novas formas de extracción do carbón e do petróleo; e, onde a agricultura labrega perde a súa independencia e quen antes era produtor ou produtora agora é asalariado ou asalariada mal pagados das grandes empresas.

No libro, dividido en nove capítulos, a autora recolle temas tan variados como a vulnerabilidade do corpo das mulleres aos produtos tóxicos da nosa “civilización química”, a preocupación da saúde como motor de mobilización, o empoderamento das mulleres no movemento agroecolóxico e nas plataformas cidadás xurdidas ante conflitos medioambientais, as estratexias para vencer a inercia patriarcal, o desenvolvemento dunha espiritualidade ecofeminista en América Latina ou o ciberactivismo político. Así, no primeiro capítulo esboza o fondo teórico do ecofeminismo facendo referencias aos distintos enfoques do mesmo tratando os principais aportes e colocando a énfase na diversidade das correntes. O capítulo seguinte visualiza o pensamento da modernidade occidental como un proceso de luces e sombras con respecto ás súas formas de explotación intensiva capitalista. A continuación, investiga diferentes ideais emancipatorios e o discurso dos mesmos sobre a Natureza.

Nos capítulos catro e cinco a sexualidade é examinada a través de distintos prismas, coma por exemplo, os fundamentalismos transgresivos, na mentres reclama dereitos sexuais e reprodutivos para as mulleres. O sexto

---

Recibido: 12/12/2011. Aceptado: 19/12/2011.

capítulo trata sobre novas propostas de cidadanía que inclúen a perspectiva ecolóxica e, ao tempo, a autora aproveita para sinalar e explora-las relacións do ecofeminismo co chamado ecoloxismo social. O seguinte capítulo, fala do moito que podemos aprender doutras culturas, en especial dos pobos orixinarios de América que non pensaron a relación coa Natureza en termos de dominio e explotación senón en clave de cooperación, ademais formula a idea de interculturalidade fronte a un multiculturalismo indiscriminado, é dicir, evita-la idealización de sociedades que opriman ás mulleres. A continuación, describe o tratamento dos animais na ética ecofeminista facendo énfase nos significados de xénero na relación cos mesmos. Para finalizar, Puleo presenta estímulos para pensar ese outro mundo posíbel e resume os eixos fundamentais da obra.

En definitiva, o libro aporta un acercamento filosófico entre feminismo e ecoloxismo para afrontar-los retos ecolóxicos deste século XXI, propón unha proximidade amistosa que contribúa á riqueza do pensamento e da praxe para ámbolos dous, sen subordinacións. Ademais, sinala as conexións e as dificultades da devandita relación, aspira ofrecer ao feminismo algunhas claves ecolóxicas actuais e relevantes para as mulleres; e ao ecoloxismo, as claves feministas que necesita para afondar en certos aspectos da súa teoría e da súa acción. Todo isto a través dun ecofeminismo non esencialista, é dicir, unha teoría que non presente ás mulleres como “seres máis naturais” cós homes.

A Doutora en Filosofía Alicia H. Puleo é Profesora Titular da Universidade de Valladolid da Área de Filosofía Moral e Membro do Consello da Cátedra de Estudos de Xénero. As súas principais liñas de investigación son as relacións entre feminismo e ética ecolóxica, teoría da sexualidade e a construción de Europa dende a perspectiva de xénero e na tradición Ilustrada. Ademais, colaborou co Ministerio de Educación na preparación de material non androcéntrico para a ensinanza da Filosofía.

Alberto José Franco Barrera